

SECRETARÍA XERAL
Xestión de Sesións Plenarias
2024/G010/000013

D. JOSÉ MARÍA VÁZQUEZ PITA, SECRETARIO XERAL, DO CONCELLO DE
ARTEIXO (A CORUÑA)

C E R T I F I C A :

Que polo Pleno da Corporación, en sesión Ordinaria celebrada o luns 4 de novembro de 2024, adoptouse, entre outros, o seguinte **ACORDO**:

“6. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA IMPOSICIÓN DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DOS RESIDUOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE ARTEIXO E APROBACIÓN PROVISIONAL DA SÚA ORDENANZA REGULADORA Nº 14.- Dase conta ao Pleno da Corporación de que a Comisión Informativa de Asuntos Económicos, en sesión ordinaria celebrada o luns 28 de outubro de 2024, emitiu o seguinte **DITAME**:

“6. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA IMPOSICIÓN DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DOS RESIDUOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE ARTEIXO E APROBACIÓN PROVISIONAL DA SÚA ORDENANZA REGULADORA Nº 14.-

“Proposta de Acordo

Exp. 2024/G016/000001

APROBACIÓN DA IMPOSICIÓN DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DOS RESIDUOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE ARTEIXO E APROBACIÓN PROVISIONAL DA SÚA ORDENANZA FISCAL Nº 14 REGULADORA

Visto o expediente nº 2024/G016/000001, incoado mediante Providencia de inicio, que ten como motivo principal a promulgación da Lei 7/2022, de residuos.

Vista a proposta fiscal en materia de residuos asinada o 19.7.2024 polo Técnico de Medio Ambiente, D. Oscar Miranda Lodeiros, con CVD: 56ICZyl8wekCts1rlsqu, así como actualización posterior denominada proposta fiscal en materia de residuos para o ano 2025, asinada o 16.9.2024 tamén polo mesmo Técnico de Medio Ambiente, con CVD: xAMFsm1NdKQixE4HhQ0F,

Visto o informe proposta de Tesourería con CVD: oPSniYqrjNI3geEHORWs de data 22.10.2024 , conformado polo Secretario Xeral

Considerando oportuno que a proposta económica que se somete a ditame consista na subida lineal de 28,41% sobre a tarifa actual. Isto suporía que en vivendas pasaríamos de liquidar 1,6 millóns a 2,08 millóns menos as bonificacións. En empresas pasaríamos de 523.000 a 763.000 menos as bonificacións. Estes 763.000 saen de aplicar cota fixa + precio colector (establecido en 947 euros) x número de colectores - bonificación.

Polo que a recadación bruta, segundo cálculos, sería de 2.850.000 aproximadamente. A esta cantidade habería que restar as bonificacións.

Visto o cal, propoño á Comisión Informativa de asuntos económicos, que ditamine a seguinte proposta para posterior elevación ao Pleno da Corporación:

PRIMEIRO. Aprobar provisionalmente a imposición da taxa pola prestación do servizo de recollida, transporte e tratamento dos residuos municipais do concello de Arteixo e a ordenanza fiscal reguladora da mesma nos termos do proxecto que se anexa.

SEGUNDO. Expoñer ao público o anterior acordo mediante anuncio que se insertará no taboleiro municipal por trinta días hábiles, a contar dende a publicación de dito anuncio no BOP, dentro do cal as persoas interesadas poderán examinar o expediente e presentar alegacións que estimen oportunas

Asemesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica da entidade. Tamén se publicará nun diario de maior difusión.

TERCEIRO. Considerar que , no suposto de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, o acordo é definitivo en base no artigo 17.3 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

CUARTO. A entrada en vigor desta ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida, transporte e tratamento dos residuos municipais do concello de Arteixo suporá a supresión da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixos e residuos urbanos do concello de arteixo e a derogación da ordenanza fiscal nº 14 reguladora desta.

Esta derogación non afectará, salvo prescripción, aos seguintes dereitos e accións:

- a) Ao dereito desta Corporación para, salvo prescripción, determinar a débeda tributaria, mediante a oportuna liquidación correspondente a feitos impositivos que se teñan producido con anterioridade á data de efectividade de dita supresión
- b) Ás acción desta Corporación para exixir o pago das débedas tributarias liquidadas e para imponer sancións tributarias,e
- c) Ao dereito dos obrigados tributarios á devolución do indebidamente ingresado nas arcas municipais por este concepto tributario.

ORDENANZA FISCAL Nº 14

ORDENANZA FISCAL Nº 14 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DOS RESIDUOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE ARTEIXO

Artigo 1º.- Fundamento e natureza

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en relación cos artigos 149 e seguintes e 137 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 e 20.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Arteixo establece a taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de lixos e residuos urbanos.

Artigo 2º.- Feito Impoñible

2.1. Constitúe o feito imponible da taxa as seguintes prestacións:

- **Recollida, transporte e tratamento dos residuos ordinarios mediante contenerización en vía pública (de recepción obrigatoria): é a prestación principal do servizo;** para proceder á recollida das distintas fraccións de residuos ordinarios domiciliarios e de pequenos produtores, contase con colectores de superficie de uso común situados nas áreas de aportación estratexicamente distribuídas polo termo municipal. Os residuos destes colectores son recollidos con vehículos municipais e transportados as plantas de tratamento correspondentes. Existen dous tipos de áreas:

- Área de aportación multifracción

Estas áreas sitúanse en zonas de alta densidade de poboación ou naquelas, que sen cumprir esta previsión, poidan ter unha localización estratéxica para o seu uso por parte dos usuarios. Estarán constituídas polos 5 colectores que a continuación se detallan e que se corresponden coas fraccións de separación selectiva definidas nesta ordenanza para os residuos ordinarios:

- Colector de tapa marrón: destinado a recollida da fracción orgánica (biorresiduos)
- Colector de tapa azul: destinado a recollida de papel e cartón
- Colector de tapa verde: destinado a recollida do vidro
- Colector de tapa amarela: destinado a recollida de envases lixeiros
- Colector de tapa gris: destinado a recollida da fracción resto

- Área de aportación sinxela

Estarán situadas en zonas de poboación dispersas, contorna de vivendas e edificacións illadas ou naquelas zonas que por razóns de operatividade, espazo ou eficiencia non permitan a colocación de áreas de aportación multifracción. Estarán constituídas por un único colector tal e como se sinala a continuación:

- Colector de corpo e tapa gris: destinado a recollida da fracción resto

- **Recollida, transporte e tratamento dos residuos especiais mediante contenerización en vía pública (de recepción obrigatoria): servizo**

activo actualmente para as fraccións aceite e graxas comestibles e roupa e téxtiles. É un servizo de funcionamento análogo ao anterior, neste cas prestado estritamente por operadores terceiros mediante contrato administrativo.

- **Servizo Especial de Recollida (de recepción voluntaria):** deseñado para a retirada de residuos voluminosos (mobles e enseres); o servizo require un aviso previo por parte do usuario. Os residuos son recollidos e transportados ao punto limpo municipal, formando parte dos fluxos habituais desta instalación.
- **Punto limpo, para recollida, transporte e tratamento dos residuos especiais (de recepción obrigatoria):** é unha instalación municipal destinada fundamentalmente ao depósito de determinadas tipoloxías de residuos municipais (de carácter non ordinario). Os residuos segregados son transportados ás diferentes plantas de tratamento.
- **Recollida, transporte e tratamento do servizo “porta a porta” (de recepción voluntaria):** é unha modalidade de recollida que se realiza directamente na “porta” do lugar da xeración dos residuos. Arestora, esta modalidade só está operativa para a recollida de papel e cartón de carácter comercial. Os residuos recollidos son transportados á planta de tratamento correspondente.
- **Compostaxe individual (de recepción voluntaria):** Atendendo ao principio ambiental de solución dos problemas, preferentemente en orixe, o Concello de Arteixo, fomenta a implementación de sistemas de compostaxe individual; nesta liña, o concello promove a compostaxe naqueles fogares que reúnen as condicións para desenvolver esta actividade.
- **Colector de uso privado (de recepción voluntaria):** Concibido para a s actividades; facilita a recollida exclusiva dos residuos ordinarios xerados nas súas instalacións, correctamente segregados en función das distintas fraccións de colectores específicos. Os colectores de uso privado serán propiedade do titular da actividade, quen será responsable tanto dos gastos de adquisición como do seu mantemento adecuado en todo momento.

2.2. A estes efectos, se consideran residuos municipais os regulados con esta denominación na Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular e na Ordenanza reguladora do Concello de Arteixo.

2.3. Así mesmo considerarase realizado o feito impoñible naqueles inmobles de uso residencial que estean en condicións de habitabilidade, que dispoñan ou non de auga potable ou outros subministros, con independencia de que estean ou non habitadas e nos inmobles onde se exercen actividades económicas, susceptibles de seren obxecto de gravame polo IAE ou outros tributos, ou existindo aparencia exterior de realización dunha

actividade económica. Tódalas edificacións onde non conste realizada a división horizontal, ou non estivesen refrexadas de forma segregada ou non figuren no catastro inmobiliario, liquidaránse por tantas cotas coma inmobles únicos e de uso independente resulten.

En calquera caso estarán suxeitos ó abono da taxa os inmobles nos que se efectuasen obras de adecuación, sen a preceptiva licencia (sen perxuízo da responsabilidade urbanística na que se puidera incorrer), así como nos inmobles onde se veña exercendo actividade, calquera que sexa a súa situación urbanística ou catastral.

2.4. As altas no Padrón da taxa, poderánse producir a partires da información contida no catastro inmobiliario, datos do IAE, ou calquera outra fonte a que teña acceso esta Administración.

Artigo 3º.- Suxeito Pasivo.

3.1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen vivendas, locais ou solares, emprazados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas radicados no termo municipal de Arteixo, nos que se preste o servizo de recollida, transporte e tratamento de lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos polo Concello de Arteixo. Dita ocupación ou utilización entenderáse sempre realizada, xa sexa a título de propietario, usufrutuario, habitacionista, arrendatario ou mesmo en precario.

3.2. Cando se trate de servizos prestados previa solicitude, será suxeito pasivo o solicitante, ou causante da prestación.

No caso de vivendas ou locais presumirase que é suxeito pasivo o titular do abono ó servizo, e, no caso de establecementos nos que se realicen actividades económicas, a persoa física ou xurídica que figura como suxeito pasivo no Imposto de Actividades Económicas e nos restantes tributos municipais que graven ou poidan gravar a actividade desenvolvida.

3.3. Terán a condición de suxeito pasivo sustituto do contribuínte o propietario das vivendas, locais, ou solares, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 4º.- Cota tributaria

4.1. Tarifas

4.1.1. Vivendas

A tarifa deste servizo se calcula como cota fixa – incentivo ambiental.

A cota fixa é de 125,84 €

Se establecen as seguintes reducións da cota por aplicación de incentivos ambientais:

- Compostaxe individual: redución do 15% da cota fixa por fogar ao ano pola participación neste programa. Cota resultante por aplicación desta redución: 106,96 €.
- Programa de fracción orgánica: redución do 15% da cota fixa por fogar ao ano . Cota resultante por aplicación desta redución: 106,96 €.

Os incentivos ambientais establecidos para esta tarifa son incompatibles entre sí, de xeito que se se opta por un incentivo ambiental específico, non se pode optar polo outro.

4.1.2. Actividades

A tarifa deste servizo se calcula como Cota fixa + Cota colector privado fracción resto - Incentivo ambiental.

Actividade	Cota fixa
2. Cafeterías	
2.1. Ata 75 m2	336,99 €
2.2. De 76 m2 a 150 m2	395,60 €
2.3. Máis de 150 m2	527,49 €
3. Bares, tabernas, mesóns e análogos	
3.1. Ata 75 m2	236,75 €
3.2. De 76 m2 a 150 m2	273,95 €
3.3. Máis de 150 m2	388,83 €
4. Restaurantes	
4.1. Ata 150 m2	659,39 €
4.2. De 151 m2 a 300 m2	989,06 €
4.3. De 301 m2 a 500 m2	1.186,82 €
4.4. Máis de 500 m2	1.648,37 €
5. Supermercados e asimilados	
5.1. Ata 150 m2	456,45 €
5.2. De 151 m2 a 300 m2	989,01 €
5.3. De 301 m2 a 500 m2	1.825,82 €
5.4. Máis de 500 m2	3.554,72 €



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

Actividade	Cota fixa
6. Tendas, ultramarinos, comercio en xeral, e outros servicios non expresamente tarifados	
6.1. Ata 75 m2	259,29 €
6.2. De 76 m2 a 150 m2	324,01 €
6.3. De 151 m2 a 300 m2	388,80 €
6.4. Máis de 300 m2	518,45 €
7. Whisquerías e clubs	1.731,06 €
8. Discotecas, pubs, salóns de baile, cines e similares	
8.1. Ata 100 m2	669,47 €
8.2. De 101 m2 a 300 m2	730,32 €
8.3. Máis de 300 m2	852,05 €
9. Hoteis, hostais , moteis e casas de hospedaxe	
9.1. Hoteis, hostais e moteis (por habitación)	26,03 €
9.2. Casas de hospedaxe e establecementos análogos (por habitación)	18,58 €
10. Despachos profesionais, Entidades financeiras e Entidades aseguradoras	
10.1. Ata 30 m2	200,85 €
10.2. De 31 m2 a 100 m2	312,47 €
10.3. De 101 m2 a 200 m2	357,08 €
10.4. De 201 m2 a 300 m2	433,98 €
10.5. Mais de 300 m2	692,15 €
11. Farmacias, parafarmacias e similares	390,48 €
12. Almacéns	
12.1. Ata 30 m2	161,59 €
12.2. De 31 m2 a 100 m2	297,16 €
12.3. De 101 m2 a 200 m2	396,75 €

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.artaixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

Actividade	Cota fixa
12.4. De 201 m2 a 400 m2	446,31 €
12.5. De 401m2 a 1000 m2	533,11 €
12.6. De 1001 m2 a 5000 m2	1.202,58 €
12.7. Máis de 5000 m2	1.611,60 €
13. Industrias, fábricas, talleres	
13.1. Ata 30 m2	161,59 €
13.2. De 31 m2 a 100 m2	312,47 €
13.3. De 101 m2 a 200 m2	495,90 €
13.4. De 201 m2 a 400 m2	557,93 €
13.5. De 401m2 a 1000 m2	669,47 €
13.6. De 1001 m2 a 5000 m2	1.202,58 €
13.7. Máis de 5000 m2	1.983,64 €
14. Vendedores ambulantes e quioscos na vía pública	161,59 €
15. Hospitais, Clínicas, Xeriátricos Residencias, Centros de Dia e Consultas	
15.1. Ata 30 m2	191,02 €
15.2. De 31 m2 a 100 m2	297,16 €
15.3. De 101 m2 a 200 m2	602,53 €
15.4. Máis de 200 m2 e ata 15 camas	825,09 €
15.5. Máis de 200 m2 e máis de 16 camas	825,04€ +20,33 €/cama
16. Centros de ensino	
16.1. Ata 100 m2 (Academias)	204,55 €
16.2. De 101 m2 a 300 m2	613,58 €
16.3. De 301 m2 a 1000 m2	766,84 €
16.4. Máis de 1000 m2	1.533,71 €
17. Outros non clasificados	
17.1. Gasolineiras	989,06 €
17.2. Tanatorios	913,01 €

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteix.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

Actividade	Cota fixa
17.3. Matadoiros:	
17.3.1. Ata 300 m2	557,93 €
17.3.2. Máis de 300 m2	836,90 €
17.4. Campamentos (por parcela)	22,27 €
17.4.1. Se ademais ten hotel (por habitación)	26,03 €
17.4.2. Se ademais ten restaurante ata 150 m2	659,39 €
17.4.3. Se ademais ten restaurante de 151 m2 a 300 m2	989,06 €
17.4.4. Se ademais ten restaurante de 301 m2 a 500 m2	1.186,82 €
17.4.5. Se ademais ten restaurante de máis de 500 m2	1.648,37 €
17.5. Aparcadoiros e garaxes de uso público	557,93 €
17.6. Outros non clasificados	161,59 €
17.7. Portos, aeroportos	2.163,72 €
17.8. Servizos de xardíns. Podas	255,51 €
18. Clubs deportivos e sociais.	
18.1. Ata 500 m2	173,10 €
18.2. De 501 m2 a 1000 m2	865,53 €
18.3. Máis de 1001 m2	2.163,72 €
19. Mercados municipais	
19.1. Ata 75 m2	259,29 €
19.2. De 76 m2 a 150 m2	324,01 €
19.3. De 151 m2 a 300 m2	388,80 €
19.4. Máis de 300 m2	518,45 €

Cota por colector privado da fracción resto:

Concepto	Tarifa
Por cada colector do lixo	947 €

4.1.2.1. As actividades poderán acollerse ás seguintes reducións da cota por aplicación destes incentivos ambientais:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteix.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

ACTIVIDADE	INCENTIVO AMBIENTAL
2. Cafeterías	Programa de compostaxe individual Programa da fracción orgánica Programa de recollida porta a porta de papel e cartón Programa de recollida de vidro mediante sistema VACRI Programa de recuperación de comida
3. Bares, tabernas, mesóns e análogos	Programa de compostaxe individual Programa da fracción orgánica Programa de recollida porta a porta de papel e cartón Programa de recollida de vidro mediante sistema VACRI Programa de recuperación de comida
4. Restaurantes	Programa de compostaxe individual Programa da fracción orgánica Programa de recollida porta a porta de papel e cartón Programa de recollida de vidro mediante sistema VACRI Programa de recuperación de comida
5. Supermercados e asimilados	Programa de compostaxe individual Programa da fracción orgánica Programa de recollida porta a porta de papel e cartón Programa de recollida de vidro mediante sistema VACRI Programa de recuperación de comida Programa colectores uso privado para as fraccións monomateriais e biorresiduos
6. Tendas, ultramarinos, comercio en xeral, e outros servizos non expresamente tarifados	Programa de compostaxe individual Programa da fracción orgánica Programa de recollida porta a porta de papel e cartón Programa de recollida de vidro mediante sistema VACRI Programa de recuperación de comida Programa colectores uso privado para as fraccións monomateriais e biorresiduos
7. Whisquerías e clubs	Programa de recollida porta a porta de papel e cartón Programa de recollida de vidro mediante sistema VACRI Programa colectores uso privado para as fraccións monomateriais e biorresiduos
8. Discotecas, pubs, salóns de baile, cines e similares	Programa de recollida porta a porta de papel e cartón Programa de recollida de vidro mediante sistema VACRI Programa colectores uso privado para as fraccións monomateriais e biorresiduos



ACTIVIDADE	INCENTIVO AMBIENTAL
9. Hoteles, hostais , moteles e casas de hospedaxe	Programa de compostaxe individual Programa da fracción orgánica Programa de recollida porta a porta de papel e cartón Programa de recollida de vidro mediante sistema VACRI Programa de recuperación de comida Programa colectores uso privado para as fraccións monomateriais e biorresiduos
10. Despachos profesionais, Entidades financeiras e Entidades aseguradoras	Programa de recollida porta a porta de papel e cartón
11. Farmacias, parafarmacias e similares	Programa de recollida porta a porta de papel e cartón
12. Almacéns	Programa de recollida porta a porta de papel e cartón Programa de recollida de vidro mediante sistema VACRI Programa de recuperación de comida Programa colectores uso privado para as fraccións monomateriais e biorresiduos
13. Industrias, fábricas, talleres	Programa de compostaxe individual Programa da fracción orgánica Programa de recollida porta a porta de papel e cartón Programa de recollida de vidro mediante sistema VACRI Programa de recuperación de comida Programa colectores uso privado para as fraccións monomateriais e biorresiduos
14. Vendedores ambulantes e quioscos na vía pública	Programa de recollida porta a porta de papel e cartón Programa de recollida de vidro mediante sistema VACRI Programa de recuperación de comida
15. Hospitais, Clínicas, Xeriátricos Residencias, Centros de Dia e Consultas	Programa de compostaxe individual Programa da fracción orgánica Programa de recollida porta a porta de papel e cartón Programa de recollida de vidro mediante sistema VACRI Programa de recuperación de comida Programa colectores uso privado para as fraccións monomateriais e biorresiduos

ACTIVIDADE	INCENTIVO AMBIENTAL
16. Centros de ensino	<p>Programa de compostaxe individual Programa da fracción orgánica Programa de recollida porta a porta de papel e cartón Programa de recollida de vidro mediante sistema VACRI Programa de recuperación de comida Programa colectores uso privado para as fraccións monomateriais e biorresiduos</p>
17. Outros non clasificados	<p>Programa de compostaxe individual Programa da fracción orgánica Programa de recollida porta a porta de papel e cartón Programa de recollida de vidro mediante sistema VACRI Programa de recuperación de comida Programa colectores uso privado para as fraccións monomateriais e biorresiduos</p>
17.1. Gasolineiras	<p>Programa de recollida porta a porta de papel e cartón Programa de recollida de vidro mediante sistema VACRI</p>
17.2. Tanatorios	-
17.3. Matadoiros:	<p>Programa de compostaxe individual Programa da fracción orgánica Programa de recollida porta a porta de papel e cartón Programa de recollida de vidro mediante sistema VACRI Programa de recuperación de comida Programa colectores uso privado para as fraccións monomateriais e biorresiduos</p>
17.4. Campamentos (por parcela)	<p>Programa de compostaxe individual Programa da fracción orgánica Programa de recollida porta a porta de papel e cartón Programa de recollida de vidro mediante sistema VACRI Programa de recuperación de comida Programa colectores uso privado para as fraccións monomateriais e biorresiduos</p>
17.5. Aparcadoiros e garaxes de uso público	-
17.6. Outros non clasificados	<p>Programa de compostaxe individual Programa da fracción orgánica Programa de recollida porta a porta de papel e cartón Programa de recollida de vidro mediante sistema VACRI Programa de recuperación de comida Programa colectores uso privado para as fraccións monomateriais e biorresiduos</p>

ACTIVIDADE	INCENTIVO AMBIENTAL
17.7. Portos, aeroportos	Programa de compostaxe individual Programa da fracción orgánica Programa de recollida porta a porta de papel e cartón Programa de recollida de vidro mediante sistema VACRI Programa de recuperación de comida Programa colectores uso privado para as fraccións monomateriais e biorresiduos
17.8. Servizos de xardíns. Podas	Programa de compostaxe individual
18. Clubs deportivos e sociais.	Programa de compostaxe individual Programa da fracción orgánica Programa de recollida porta a porta de papel e cartón Programa de recollida de vidro mediante sistema VACRI Programa colectores uso privado para as fraccións monomateriais e biorresiduos
19. Mercados municipais	Programa de compostaxe individual Programa da fracción orgánica Programa de recollida porta a porta de papel e cartón Programa de recollida de vidro mediante sistema VACRI Programa de recuperación de comida Programa colectores uso privado para as fraccións monomateriais e biorresiduos

4.1.2.2. As reducións do apartado anterior, aplicaranse así en función da participación:

Participación	Reducións sobre a cota fixa
1 programa	5 % de redución na cota fixa
2 programas	9 % de redución na cota fixa
3 o máis programas	12 % de redución na cota fixa

A adscrición a varios programas está condicionada ao requisito de que non se pode participar en múltiples programas que teñan como obxecto a mesma fracción de residuos. Isto é, para cada fracción de residuos, só se pode acoller a un único programa. No Anexo I se detallan as exclusións e compatibilidades destes programas.

4.2. Para que os usuarios poidan participar nos programas de recollida selectiva, deberán rexistrar a súa participación mediante a presentación dunha declaración responsable en modelo normalizado do concello de Arteixo, que serve como compromiso formal do usuario para adherirse a estes programas. Esta declaración, unha vez rexistrada, surte efectos no semestre natural seguinte á súa presentación, no tocante á aplicación das reducións na cota fixa.

Artigo 5º. Periodo impositivo e obriga de contribuir.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.artaixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir dende o momento no que se inicie a prestación do servizo, o que dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, enténdese cando estea establecido e en funcionamento. O servizo enténdese prestado en todo o territorio do Concello de Arteixo.

Unha vez establecido e en funcionamento o servizo, se devenga o 1 de xaneiro de cada ano.

O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trate de supostos de inicio ou cese na recepción do servizo, en cuio caso o período impositivo se axustará a esta circunstancia.

A exixibilidade das cotas será por semestres naturais, mediante padrón semestral, agás que o inicio da prestación (primeira cota), se producise con posterioridade ao primeiro día do semestre natural, en cuio caso, a primeira cota se cobrará no semestre seguinte.

No caso de cesamento da actividade, a baixa producirase con efectos do semestre seguinte.

As cotas serán irreducibles.

Artigo 6º .Normas de xestión.

6.1. Para a aplicación das tarifas considerarase a superficie computable declarada ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) ao realizar a declaración censal do Imposto de Actividades Económicas e afectada á realización da actividade. Se non se exixira por non ser un elemento tributario a considerar, terásese en conta a superficie construída do local pola que tributa no Imposto de Bens Inmóveis, excluíndose únicamente aquela superficie onde non existan edificacións ou construción e instalacións, sempre que tampouco se ocupen ou utilicen para almacéns, depósitos ou aparcamentos.

6.2. Centros de ensino. A superficie computable será, para este epígrafe, a ocupada polas aulas nas que se imparta ou se poda impartir a ensinanza, e, caso de ter internado, incluíráse tamén a superficie destinada a dormitorios, comedores e cociñas. Non se incluírá a superficie ocupada por patios, corredores e instalacións deportivas.

6.3. Excluíndo os inmóveis de uso residencial, no caso de realización de dous ou máis feitos impositivos nun mesmo inmovible, realizadas por empresas do mesmo grupo, entenderásese que é obxecto de tributación aquel ao que corresponda a tarifa de maior contía e polos metros que resulten dos apartados anteriores, segundo figure no IAE, agás nos epígrafes : hoteis, hostais e moteis e , Casas de hospedaxe e establecementos análogos, nos que serán obxecto de tributación tódolos feitos impositivos que se desenvolvan no mesmo local. No caso de realización de dous ou máis feitos impositivos nun mesmo inmovible, realizados por empresas de distinto grupo, entenderásese que é obxecto de tributación cada empresa e polos metros obtidos do apartado 6.1.

6.4. No caso de realización dunha actividade económica nun inmovible de uso residencial, entenderásese que é obxecto de tributación tanto a vivenda como a respectiva actividade económica. Se os metros afectos á actividade supoñen un 30% ou menos dos metros considerados na ficha de datos catastrais, no referente á actividade poderásese aplicar a tarifa 17.6 de outros non clasificados.

6.5. A xestión do cobro das cotas efectuaráse semestralmente polo concello. A recadación en vía de constrinximento efectuarase pola Excmá Deputación Provincial de A Coruña, según as Bases de delegación de competencias vixentes.

Cando se coñeza, xa sexa de oficio ou por comunicación dos interesados, calquera variación de datos sobre o padrón, se levarán a cabo as modificacións correspondentes, que producirán efectos a partir do semestre seguinte ao da data na que se teña efectuado a declaración.

Artigo 7º.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, se estará ao disposto na Lei Xeral Tributaria.

Disposición derradeira

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día..... Comenzará a aplicarse dende o día un de xaneiro de dos mil vintecinco e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresas.

A entrada en vigor desta ordenanza suporá a supresión da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos urbanos do concello de Arteixo, e a derogación da ordenanza fiscal nº 14 reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixos e residuos urbanos do concello de Arteixo, publicada no BOP nº 123 de 29.6.2023.

Esta derogación non afectará, salvo prescrición, aos seguintes dereitos e accións:

- Ao dereito para, salvo prescrición, determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación correspondente a feitos impositivos que se teñan producido con anterioridade á data de efectividade de dita supresión.
- Ás acción para esixir o pago das débedas tributarias liquidadas e para imponer sancións tributarias, e
- Ao dereito dos obrigados tributarios á devolución do indebidamente ingresado nas arcas municipais por este concepto tributario.

Anexo I

Programa	Compostaxe Individual	Fracción Orgánica	Recuperación de Comida	Recollida Porta a Porta de Papel e Cartón	Recollida de Vidro Sistema VACRI	Colectores de uso privado (Papel e Cartón)	Colectores de uso privado (Envases Lixeiros)	Colectores de uso privado (Vidro)	Colectores de uso privado (Biorresiduo)
Compostaxe Individual	N/A	Excluínte	Compatible	Compatible	Compatible	Compatible	Compatible	Compatible	Excluínte
Fracción Orgánica	Excluínte	N/A	Compatible	Compatible	Compatible	Compatible	Compatible	Compatible	Excluínte



Programa	Compostaxe Individual	Fración Orgánica	Recuperación de Comida	Recollida Porta a Porta de Papel e Cartón	Recollida de Vidro Sistema VACRI	Colectores de uso privado (Papel e Cartón)	Colectores de uso privado (Envases Lixeiros)	Colectores de uso privado (Vidro)	Colectores de uso privado (Biorresiduo)
Recuperación de Comida	Compatible	Compatible	N/A	Compatible	Compatible	Compatible	Compatible	Compatible	Compatible
Recollida Porta a Porta de Papel e Cartón	Compatible	Compatible	Compatible	N/A	Compatible	Excluínte	Compatible	Compatible	Compatible
Recollida de Vidro Sistema VACRI	Compatible	Compatible	Compatible	Compatible	N/A	Compatible	Compatible	Excluínte	Compatible
Colectores de uso privado (Papel e Cartón)	Compatible	Compatible	Compatible	Excluínte	Compatible	N/A	Compatible	Compatible	Compatible
Colectores de uso privado (Envases Lixeiros)	Compatible	Compatible	Compatible	Compatible	Compatible	Compatible	N/A	Compatible	Compatible
Colectores de uso privado (Vidro)	Compatible	Compatible	Compatible	Compatible	Excluínte	Compatible	Compatible	N/A	Compatible
Colectores de uso privado (Biorresiduo)	Excluínte	Compatible	Compatible	Compatible	Compatible	Compatible	Compatible	Compatible	N/A

ASINA DIXITALMENTE NA DATA DO DOCUMENTO ELECTRÓNICO.
O Concelleiro de Economía e Facenda . Emilio Maceiras López.”

Dase conta que obran no expediente os seguinte informes:

- Informe ambiental emitido polo Técnico medio de medio ambiente, D. Óscar Miranda Lodeiros, co visto e praxe do Concelleiro de servizos municipais, D. José Manuel Pena Sanmartín, en data 09.05.2024, con CVD Gcl7zs6HmyUuapsiH73p.
- Informe ambiental emitido polo Técnico medio de medio ambiente, D. Óscar Miranda Lodeiros, co visto e praxe do Concelleiro de servizos municipais, D. José Manuel Pena Sanmartín, en data 07.06.2024, con CVD hcZDCG6Br75qff5hAvFj.
- Proposta fiscal emitida polo Técnico medio de medio ambiente, D. Óscar Miranda Lodeiros, co visto e praxe do Concelleiro de servizos municipais, D. José Manuel Pena Sanmartín, en data 19.07.2024, con CVD 56ICZyl8wekCts1rlsqu.
- Actualización proposta fiscal emitida polo Técnico medio de medio ambiente, D. Óscar Miranda Lodeiros, co visto e praxe do Concelleiro de servizos municipais, D. José Manuel Pena Sanmartín, en data 16.09.2024, con CVD xAMFsm1NdKQiXe4HhQ0F.
- Informe emitido pola Tesoureira municipal, Dña. Lucía León Álvarez, co conforme do Secretario xeral, D. José María Vázquez Pita, en data 23.10.2024, con CVD oPSniYqrjNI3geEHORWs.

Deseguido, pola Presidencia, dase un turno de intervencións.

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

<<...>>

Á vista do resultado da votación, a Comisión Informativa de Asuntos Económicos, en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORÍA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida.”

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

Votos a favor:

13 Grupo PARTIDO POPULAR

Votos en contra:

4 Grupo PARTIDO SOCIALISTA

- 1 ALTERNATIVA DOS VECIÑOS de Arteixo
Abstenciones:
2 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama adoptados, por MAIORÍA DOS/AS PRESENTES, os acordos transcritos no ditame que se deixa reflectido.”

E para que conste, aos efectos oportunos no expediente da súa razón e en cumprimento do disposto no artigo 3.2 f) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e nos artigos 204 e 205 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais expido a presente certificación coa salvedade prevista no artigo 206 do texto regulamentario citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, D. Carlos Calvelo Martínez, que se asina dixitalmente en Arteixo por ambos, á data sinalada no documento electrónico, rubricada polo/a funcionario/a tramitador/a.